

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Xullo 2008

### NOTA DE PRENSA

#### En xullo de 2008 os prezos dos bens exportados e importados en Galicia creceron en termos interanuais un 1,6% e un 16,5% respectivamente

Segundo os datos da operación "Índices de valor unitario para o comercio exterior", elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia aumentaron un 1,6% en xullo de 2008 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron un incremento interanual do 16,5%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados creceron un 2,2% e os dos importados un 8,2%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

### Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo foi do 7,4%, do 4,6% para os bens intermedios e do -1,4% para os bens de consumo.

Nas importacións, os prezos dos bens intermedios e dos bens de consumo aumentaron con respecto a xullo de 2007 un 22,5% e un 10,9% respectivamente. Pola contra, os prezos dos bens de equipo diminuíron un 20,2%.

### Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xullo 2008

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>1,6</b>	<b>2,2</b>	<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>16,5</b>	<b>8,2</b>
Bens de consumo	-1,4	0,4	Bens de consumo	10,9	-0,9
Bens de equipo	7,4	0,2	Bens de equipo	-20,2	-15,3
Bens intermedios	4,6	5,7	Bens intermedios	22,5	14,0

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

### Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 2,5% nos prezos de bens con destino aos países da Unión Económica e Monetaria, do 2,0% para os bens con destino a OCDE e un 1,9% para a UE-25.

Por orixe dos bens importados, o maior crecemento dos prezos (17,3%) rexistrárono os bens procedentes de países pertencentes á OCDE. Os prezos dos bens con orixe en países non pertencentes á OCDE creceron un 14,1%

### Índices de valor unitario para o comercio exterior. Xullo 2008

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	Do mes	Da media do que vai de ano		Do mes	Da media do que vai de ano
UEM	2,5	2,2	UEM	13,9	0,6
UE-25	1,9	2,1	UE-25	12,6	0,3
OCDE	2,0	2,7	OCDE	17,3	3,9
Resto de países	0,3	-1,1	Resto de países	14,1	12,9

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_ivus\\_ref\\_2005\\_ga.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>